
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NA DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA XUNTA NA CORUÑA
O DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se suprime, se crea e se modifica a denominación de centros universitarios na Universidade de Vigo.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2011.
- Acordo polo que se ratifica o Plan de Formación da Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia para o ano 2011.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se declara o Proxecto de ampliación do vertedoiro de Areosa, no concello de Cerceda, promovido pola Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de quince millóns novecientos vinte e nove mil cincocentos trinta e cinco euros con dous céntimos de euro (15.929.535,02 euros), da obra de conservación ordinaria e vialidade invernal da *zona sur* da provincia da Coruña.
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de quince millóns oitenta e seis mil oitocentos noventa euros con vinte e un céntimos de euro (15.086.890,21

euros), da obra de conservación ordinaria e vialidade invernal da *zona norte* da provincia da Coruña.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para manter as condicións especiais de subsidiariedade na concesión dunha prórroga na vixencia do aval concedido a Espina Obras Hidráulicas, SA., expediente nº AV/0339, polo importe máximo de dous millóns trescentos noventa e catro mil euros (2.394.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de cinco (5) anos na concesión dun aval, polo importe máximo de un millón de euros (1.000.000,00 euros) a Formoso Estructuras Metálicas, S.L. Expediente nº AV/0706.
- Acordo polo que se declara o proxecto "LAT 132 KV P.E Serra do Oribio-Subestación Triacastela" -concellos de Samos e Triacastela (Lugo)-, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a necesidade de creación da Axencia Galega de Infraestruturas e cronograma previsto para a súa posta en funcionamento.
- Informe sobre a rede viaria da área metropolitana da Coruña.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a adxudicación definitiva da fase II do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre ocupación hoteleira do mes de decembro do 2010 e resumo de xaneiro a decembro de 2010.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE VARIOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- *Ademais, aprobouse a creación da Escola de Enxeñaría Industrial, por fusión das xa existentes Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais e Escola Universitaria de Enxeñaría Industrial*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao cambio de denominación de varios centros da Universidade de Vigo, así como a creación dun novo centro por fusión de dous existentes. Esta aprobación prodúcese despois de que o pleno do Consello Galego de Universidades (CGU) infórmase favorablemente sobre o cambio na reunión do pasado 29 de decembro.

Desta forma, a Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal, a Escola Universitaria de Fisioterapia e a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación pasarán a denominarse Escola de Enxeñaría Forestal, Facultade de Fisioterapia e Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, respectivamente. Ademais, deuse informe favorable á autorización dun novo centro, Escola de Enxeñaría Industrial, por fusión das xa existentes Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais e Escola Universitaria de Enxeñaría Industrial.

Todas estas modificacións realizáronse por proposta dos centros implicados, co informe favorable do Consello Social, e proposta do Consello de Goberno da Universidade. Entre os motivos para estes cambios están a busca dunha maior eficiencia, racionalización e simplificación na utilización dos recursos da UVigo. Con todo, a primeira motivación destes cambios refírese á necesidade de adaptar os nomes dos centros universitarios ás titulacións que se imparten neles tras a adaptación dos plans de estudos ao Espazo Europeo de Educación Superior.

A XUNTA RENOVA O SEU COMPROMISO DE SOLIDARIEDADE COA APROBACION DO PLAN ANUAL DE COOPERACIÓN GALEGA PARA 2011

- *A cooperación galega durante o vindeiro ano estará orientada a mellorar a eficacia da axuda apostando por actuacións a longo prazo*
- *O obxecto destas axudas é a execución de proxectos para a consolidación e o fortalecemento de organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento*
- *As convocatorias públicas de axudas e subvencións para proxectos de cooperación no exterior continuará sendo neste ano o principal medio de canalización de fondos procedentes da cooperación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2011, que é o instrumento anual para levar á práctica o Plan Director da Cooperación. De acordo coas orientacións do II Plan Director 2010-2013, a Cooperación Galega orientarase neste ano á mellora da eficacia da axuda a través da concentración xeográfica da mesma, dunha maior coordinación dos actores e complementariedade das súas actuacións, dunha orientación estratéxica das actuacións de cooperación que poña en valor a comunidade galega e dunha aposta por actuacións a longo prazo que redunden nun desenvolvemento sustentable e nun maior impacto destas.

O Plan Anual 2011 estrutúrase en tres ámbitos estratéxicos de actuación, nos cales se focalizará a actividade que se desenvolverá durante todo o seu período de vixencia. O primeiro ámbito de actuación abrangue a contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) e promovendo o desenvolvemento nos países do Sur, o segundo ámbito de actuación vaise centrar na mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París e, finalmente, o terceiro ámbito comprenderá a promoción na sociedade galega da conciencia solidaria e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento.

O Plan Anual 2011 establece os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios do Goberno galego para o vindeiro ano, agrupando cada unha das actuacións previstas dentro destes tres ámbitos sinalados no II Plan Director, para garantir deste xeito a súa contribución ao cumprimento dos seus obxectivos.

Neste ano, a Cooperación Galega cumprirá todos os compromisos adquiridos en exercicios anteriores e incrementarase a porcentaxe de recursos destinada ás convocatorias públicas de axudas e subvencións. Dese xeito, o conxunto das diferentes convocatorias públicas de axudas e subvencións para proxectos de

cooperación no exterior continuará sendo no ano 2011 o principal medio de canalización de fondos procedentes das partidas orzamentarias de cooperación exterior.

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de cooperación con domicilio social ou sede permanente en Galicia, co fin de que poidan completar en Galicia o máximo de fases posibles do ciclo da cooperación coa máxima garantía de eficiencia e calidade.

Continuarase co apoio financeiro ás actuacións que no ámbito da cooperación se promovan dende a Coordinadora Galega de ONGD, que permite facilitar a coordinación entre os distintos actores e a articulación de iniciativas conxuntas; e dende o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, polo seu papel de interlocutor na cooperación da Administración local en Galicia.

Novas iniciativas

Neste plan Anual 2011, recóllense novas iniciativas para desenvolver, como o programa de Desenvolvemento Integral en Champerico-Guatemala, que se centra en cinco sectores de actuación: saúde, educación, seguranza alimentaria, habitabilidade básica e saneamento. Tamén se vai desenvolver outra iniciativa integral de mellora no barrio de Santa Lucía- La Mosca, na República Dominicana, que pretende o desenvolvemento da poboación do barrio de Santa Lucía, na cidade de Santiago de los Caballeros.

Outra das iniciativas que recolle este Plan Anual 2011 é o Programa de formación de pescadores artesanais en Centroamérica, que está integrado no "Plan de apoio á pesca en Centroamérica" implementado en sete países da rexión centroamericana (El Salvador, Honduras, Nicaragua, Guatemala, Panamá, Costa Rica e Belice), e en coordinación coa Organización del Sector Pesquero y Acuícola del Istmo Centroamericano e coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. O ámbito da pesca é un dos ámbitos que se dan as mellores condicións para que Galicia realice una cooperación transformadora pola súa especialización na pesca e na acuicultura.

A Consellería do Mar, a través da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), continuará neste ano a colaborar en proxectos no eido da cooperación para o desenvolvemento, achegando os coñecementos técnicos do seu persoal especializado en cooperación en materia pesqueira ou acuícola. Como países de intervención destacan Cabo Verde, Namibia e países centroamericanos.

Ademais, o Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG) vén realizando actuacións de cooperación técnica ao desenvolvemento con financiamento da Xunta de Galicia e da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para organización de cursos para directivos e técnicos turísticos de países do sueste asiático que se forman en Galicia e levan esta experiencia aos seus países de orixe. No ano 2011, este centro continuará colaborando na posta en marcha de centros de formación en materia turística, así como na transferencia de coñecementos nesa materia en proxectos que se desenvolverán en diversas áreas xeográficas.

OS CURSOS DE FORMACIÓN ON LINE TRIPLÍCANSE NA AGASP E INCREMENTÁSE O NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS PARA 2011

- *O número de cursos on line van representar o 15% do total das actividades neste ano*
- *Seguirase a levar a cabo a formación do persoal dos parques do consorcios de extinción de incendios e salvamento, e convocaranse polo menos dous cursos de porteiros*

O Consello da Xunta ratificou hoxe o Plan Formativo para o ano 2011 da Academia Galega de Seguridade Pública, no cal destaca o incremento do número de cursos ofertados na modalidade de teleformación co fin de favorecer a conciliación da vida laboral e familiar, o acceso á formación e reducir os seu custos directos. A modalidade de teleformación representará un 15% do total das actividades do Plan do ano 2011, o que suporá tamén un incremento do número de prazas ofertadas no global das actividades formativas ata acadar un total de 6.500 prazas.

Vaise continuar coa política do Goberno autonómico de regular a actividade do colectivo de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas iniciada no ano 2010, convocando polo menos dúas probas para a obtención da habilitación deste persoal e realizando cursos de formación dirixidos ao dito colectivo. Ademais, co fin de facilitar o acceso e superación das referidas probas a todas as persoas que o desexen de forma voluntaria, a Agasp ofrecerá cursos de formación e preparación e manterá dispoñible e actualizado na súa páxina web o temario que desenvolve as materias obxecto das probas de habilitación, ao cal se pode acceder libre e gratuitamente.

Por primeira vez asúmese a formación inicial do persoal dos parques do consorcios de extinción de incendios e salvamento. No ano 2011 impartirase a formación inicial do persoal dos seis parques do consorcio provincial de Lugo, e continuarase coa formación continua de bombeiros do consorcios e concellos xa iniciada no ano 2010.

Ademais, para o ano 2011, a Academia incrementa o carácter práctico dos cursos empregando metodoloxías de formación máis activas, para desta maneira fomentar unha maior participación e autonomía dos alumnos, incorporando progresivamente a aplicación das novas tecnoloxías á formación, permitindo a realización telemática da maioría das xestións (inscrición, consulta de listas de admitidos, etc.).

Inclúe no seu Plan de Formación unha innovadora oferta dirixida ao persoal de protección civil e emerxencias, coa inclusión na programación de cursos innovadores relacionados con riscos que xeran novos tipos de emerxencias, como técnicas de

xestión de equipos de traballo, protocolos de actuación ante a violencia de xénero, delitos tecnolóxicos, busca de persoas desaparecidas, atención ao menor, emerxencias por riscos meteorolóxicos, loxística en emerxencias, emerxencias en túneles de estrada e rescate en altura.

Ademais, a Academia vai facer unha análise continua das necesidades de formación do persoal das forzas e corpos de seguridade e dos servizos integrados de protección e emerxencias e a adecuación da oferta á demanda incrementando as actividades que sexan demandadas por riba da oferta formativa, para dar resposta á devandita demanda.

O plan de formación da AGASP estrutúrase en dúas áreas de coñecemento, seguridade e emerxencias. Dentro de cada área existen subáreas en función dos destinatarios dos cursos e sen prexuízo da existencia de cursos transversais que poidan ter como destinatarios persoal de diferentes servizos do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia.

O novo Plan de Formación Continua da Academia para o ano 2011 concíbese como un proceso integral de todos os xestores da seguridade pública, da protección civil e emerxencias, incluíndo a colectivos como bombeiros, axentes forestais e mandos da policía local. Para conseguir a mellora da calidade dos servizos recolle nas súas liñas estratéxicas, entre outras actuacións, a motivación e apoio aos profesionais das forzas e corpos de seguridade, de protección civil, bombeiros e axentes forestais e seguridade privada, na súa tarefa diaria para obter resultados positivos na seguridade e ofertando e prestando aos cidadáns uns servizos públicos de calidade.

SOGAMA GARANTE O INCREMENTO DA VIDA ÚTIL DO VERTEDOIRO CONTROLADO DE AREOSA EN CERCEDA DURANTE, POLO MENOS, 8 ANOS MÁIS

- *A ampliación da capacidade do vertedoiro terá lugar nos propios terreos da Sociedade e será posible grazas ao proxecto sectorial de incidencia supramunicipal aprobado hoxe no Consello da Xunta*
- *O proxecto permitirá ampliar a superficie actual do vertedoiro en 111.556 metros cadrados, polo que pasará dos 290.000 actuais a 401.556 metros cadrados, é dicir, case un 40% mais.*
- *O orzamento previsto para levar a cabo esta ampliación é de 4,6 millóns de euros.*
- *Os problemas de capacidade desta instalación, cunha previsión de operación para só 9 meses ao inicio da presente lexislatura, foron solucionados provisionalmente coa construción dun novo vaso e o recrecemento da fase I, cun custo próximo aos 12 millóns e medio de euros*
- *Esta infraestrutura foi obxecto dun plan de acción, iniciado hai máis de 1 ano, e para o que se reservou unha partida de 3 millóns, coa pretensión de solucionar as deficiencias técnicas e de xestión diagnosticadas no seu momento a través dunha auditoría encargada pola Consellería de Medio Ambiente*
- *Máis alá das actuacións básicas consideradas neste plan de acción, acometéronse outras melloras de grande calado, especialmente nos sistemas de depuración e planta de valorización de biogás, e que contan cun investimento de aproximadamente outros 3 millóns e medio de euros*
- *O fin último das distintas actuacións programadas non é outro que o de devolver a normalidade a esta instalación, garantindo que a súa explotación se realice baixo rigorosas condicións de control e seguridade, ao tempo que se minimiza o impacto ambiental*

Sogama, en estreita coordinación coa Consellería de Medio Ambiente, conseguirá alongar a vida útil do vertedoiro de Areosa, durante, polo menos, 8 anos máis. Isto será posible grazas á declaración de incidencia municipal do proxecto sectorial de ampliación do vertedoiro que foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta. Este procedemento permitirá incrementar a capacidade da instalación na zona sur, nos propios terreos da Sociedade, evitando ter que recorrer a un procedemento de expropiación.

O proxecto sectorial permitirá ampliar a superficie actual do vertedoiro en 111.556 metros cadrados, polo que pasará dos 290.000 metros cadrados actuais a 401.556, é dicir, case un 40% mais. O orzamento previsto para levar a cabo esta ampliación é de 4,6 millóns de euros.

Desta forma o vertedoiro contará con espazo abondo para albergar 3 millóns de toneladas máis de residuos, unha vez que se encha o vaso de recremento da fase I, dentro de aproximadamente 1 ano.

Esta medida permitirá aliviar os problemas de sobreesaturación os que se vía abocado o vertedoiro, que no período comprendido entre os anos 2004 e 2008, viu incrementada a carga de residuos nun 61%, ao pasar de procesar 257.032,58 toneladas a un total de 414.934,72, poñendo en risco o servizo público que viña prestando como elemento complementario do complexo medioambiental, dimensionado para tratar da orde de 500.000-550.000 toneladas de lixo ao ano.

Non obstante, a posta en marcha do novo Plan Galego de Residuos Urbanos 2010-2020, permitirá mesmo que a capacidade do vertedoiro supere sobexamente os 8 anos previstos inicialmente, pois para esas datas o plan se atopará en plena execución a través das instalacións proxectadas nel, especialmente, a segunda planta de tratamento no sur, coas cales se conseguirá desconxestionar a actividade de Sogama, que na actualidade atende un total de 294 concellos ou, o que é o mesmo, 2.308.000 habitantes.

Con esta folia de ruta, a Xunta de Galicia pretende dar cumprimento á xestión xerarquizada de residuos que promulga a Unión Europea, priorizando a prevención e redución da produción, a reutilización, a reciclaxe e outras formas de valorización, tanto material como enerxética, e todo isto co obxectivo de minimizar a vertedura, a opción menos desexable.

A falta de planificación dos últimos anos e a ausencia dunha estratexia de xestión claramente definida, obrigou a que, na actualidade, preto do 45 por cento do lixo que trata esta Sociedade pública sexa desviado ao vertedoiro de Areosa, tendencia que debe ser invertida ata conseguir que tan só se destine a vertedura o que non é posible recuperar a través doutras vías. Este obxectivo xa foi alcanzado polos Estados europeos máis avanzados, onde a valorización enerxética da fracción non reciclable escalou chanzos ata afianzarse como o mellor sistema de tratamento complementario tres erres. De feito, países punteiros como Dinamarca, Alemaña, Austria e Suecia contan cunhas taxas de vertedura situadas entre o 1 e o 4 por cento (España sitúase no 57 por cento), coa particularidade de que os seus índices de reciclaxe aumentaron de forma exponencial.

Minimización do risco ambiental

A aplicación de distintas medidas correctivas, preventivas e de seguimento permitiu que o vertedoiro de Areosa vaia recuperando a normalidade, garantindo que a súa

explotación se realice baixo rigorosas condicións de control e seguridade co fin de preservar a saúde do contorno e as persoas.

Coa redución do risco ambiental e a ampliación da vida útil desta instalación, a Xunta de Galicia dá resposta, en tempo e forma, e dende o rigor e a responsabilidade, aos preocupantes problemas detectados no seu momento, cuxa solución veu definida pola realización dos correspondentes estudos, análises e simulacións.

Imaxe do vertedoiro actual e da ampliación proxectada no proxecto sectorial



A XUNTA INVESTIRÁ 31 MILLÓNS DE EUROS NOS LABORES DE MELLORA E CONSERVACIÓN DOS PRETO DE 1.770 QUILÓMETROS DA REDE VIARIA AUTONÓMICA NA PROVINCIA DA CORUÑA

- *O obxectivo destas actuacións é garantir o mantemento das estradas de titularidade autonómica permitindo a vialidade tanto en condicións normais como ante os efectos meteorolóxicos adversos*
- *Preténdese garantir, ademais, un tempo de resposta curto ante accidentes, urxencias, emerxencias e deterioración, de maneira que a circulación non se vexa afectada o mesmo que a seguridade viaria*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe un investimento de máis de 31 millóns de euros nos contratos de mellora, conservación e viabilidade invernal das zonas norte e sur da provincia da Coruña. Un dos obxectivos principais deste programa é garantir o mantemento da rede de estradas de titularidade autonómica, permitindo unha axeitada limpeza e coidado da rede viaria, tanto en condicións normais como ante os efectos meteorolóxicos adversos.

Os contratos aprobados hoxe terán vixencia durante os vindeiros catro anos e supoñen un beneficio para os máis de 1.155.000 habitantes da provincia coruñesa; máis de 683.000 da área norte e case 472.300 da sur.

RESUMO ORZAMENTOS CONSERVACIÓN INTEGRAL NA PROVINCIA DE A CORUÑA	
ZONA	INVESTIMENTO
Coruña Norte	15.086.890,21
Coruña Sur	15.929.535,02
TOTAL	31.016.425,23

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas traballa en distintas actuacións que permiten manter de forma eficiente as estradas, operacións que resultan totalmente necesarias para facer posible a circulación dos vehículos na rede viaria existente, contando cun tempo de resposta curto ante accidentes, urxencias, emerxencias e deterioración, de maneira que a circulación non se vexa afectada, o mesmo que a seguridade viaria.

Todas estas accións se levarán a cabo en case 1.700 quilómetros das estradas da provincia da Coruña, 798 quilómetros correspondentes á Coruña norte e 871 quilómetros á Coruña sur.

Conservación

No documento aprobado no Consello da Xunta existe unha parte dedicada ás actividades de conservación ordinaria destinadas a atrasar a degradación das características funcionais ou estruturais dos elementos das estradas, polo que se levarán a cabo reparacións dos elementos degradados ou a reposición completa, se é preciso. Así mesmo, proxéctanse labores de roza e limpeza das marxes das estradas, e a reposición da sinalización horizontal ou vertical.

Por último, tamén se incide en actuacións de axuda á vialidade no caso excepcional de incidencias relevantes ou emerxencias, traballos que se conseguen grazas a que os labores de vixilancia son de total dispoñibilidade horaria.

As unidades de obra divídense en tres grupos:


- **Grupo I:** encargado de operacións de vixilancia, atención a emerxencias e incidencias, así como viabilidade ambiental.
- **Grupo II:** levan a cabo labores de conservación ordinaria de abono por medición.
- **Grupo III** encargado das operacións destinadas á conservación ordinaria programada, así como á atención de incidencias relevantes.

Plan de Vialidade Invernal

Outro dos fitos importantes deste programa de conservación é o Plan de Vialidade Invernal do Goberno galego, que busca que as poboacións non queden illadas durante os días de mal tempo. Os traballos neste eido van encamiñados ao desenvolvemento de medidas preventivas, como a extensión de fundentes, ou medidas para garantir a seguridade, como os quitaneves.

Coa posta en marcha desta liña de traballo, o executivo autonómico pon á disposición os medios materiais e humanos necesarios en cada unha das provincias co obxecto de garantir e mellorar as condición de vialidade, que se poden ver dificultadas no inverno pola presenza de fortes choivas, a formación de placas de xeo, ou a aparición de neve.

Cómpre sinalar que na actual campaña do Plan de Vialidade Invernal, aprobado no pasado mes de novembro, detectáronse as vías máis susceptibles de teren problemas de acumulación de neve. Na provincia da Coruña contabilizáronse 190 quilómetros dun total de 873 quilómetros problemáticos (16% da lonxitude total da rede autonómica de estradas).



ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA OS PLANS DE NEGOCIO INTERNACIONAL DE ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS MEDIANTE A PRÓRROGA DE VIXENCIA DUN AVAL POLO IMPORTE DE 2,39 MILLÓNS DE EUROS

- *A operación facilitaralle á empresa dispoñer do circulante que precisa para executar importantes contratos internacionais*
- *Con sede social en Santiago de Compostela, Espina emprega 280 traballadores e posúe catro delegacións en España e catro sucursais internacionais*

A Consellería de Economía e Industria apoiará, mediante a prórroga de vixencia dun aval por importe de 2.394.000 euros, os plans de negocio internacional que está impulsando a empresa Espina Obras Hidráulicas, e que inclúen contratos en Costa de Marfil ou Sudán. A firma con sede en Santiago de Compostela emprega 280 traballadores. A prórroga que vén de autorizar o Consello da Xunta de Galicia, ampliará a vixencia da operación en 30 meses.

A través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Consellería de Economía e Industria concedeulle a Espina Obras Hidráulicas un aval polo importe de 2,39 millóns de euros para facilitar unha operación de financiamento de circulante por importe de 3,4 millóns de euros que foi formalizada en marzo de 2009, cun prazo inicial de vixencia establecido en 24 meses.

A execución dun importante contrato asinado pola empresa galega cun organismo público sudanés viuse demorada pola parte contratante, pero Espina Obras Hidráulicas dispón na actualidade doutros importantes contratos de obra no exterior e precisa prorrogar a operación de financiamento de circulante avalada polo Igape por un prazo adicional de 30 meses.

Espina Obras Hidráulicas é unha empresa familiar que desenvolve a súa actividade no sector de obra civil, especialmente no ámbito das obras hidráulicas, onde tamén diseña e fabrica equipamentos tecnolóxicos propios relacionados coa potabilización e depuración de augas.

A empresa compostelá, que dispón de amplas instalacións no polígono do Tambre, posúe delegacións en Oviedo, Vitoria, Valladolid e Málaga, así como sucursais en Uruguai, Marrocos, Sudán e Ruanda.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve+, a liña de avais do Igape constitúe un instrumento fundamental para que as empresas galegas viables que atravesan dificultades poidan obter financiamento para cubriren as súas necesidades de circulante ou para refinanciaren a longo prazo os seus pasivos a curto. Durante o

pasado ano a través do Igape, a Consellería de Economía e Industria compartiu riscos con 1.500 empresas mediante operacións para avalar o financiamento de circulante.

ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA UNHA OPERACIÓN DE FINANCIAMENTO DE FORMOSO ESTRUCTURAS METÁLICAS POLO IMPORTE DE 2 MILLÓNS DE EUROS MEDIANTE UN AVAL DE 1 MILLÓN

- *A operación facilitaralle á empresa dispoñer do circulante que precisa para desenvolver con normalidade os seus plans de negocio*
- *A empresa, que emprega 85 traballadores e induce un importante emprego indirecto, impulsou importantes investimentos nas Pontes para gañar competitividade na súa actividade*

A Consellería de Economía e Industria apoiará a actividade normal e os plans de negocio da empresa Formoso Estructuras Metálicas, S.L. mediante a concesión, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) dun aval dun millón de euros que facilita unha operación de financiamento de circulante polo importe de 2 millóns de euros. O operación foi autorizada hoxe polo Consello da Xunta e será formalizada a través do Igape.

Este aval permitirá que Formoso Estructuras Metálicas, S.L., sociedade domiciliada no municipio das Pontes, poida manter 85 traballadores en Galicia, así como un importante emprego indirecto, por ser unha empresa con grande relevancia na actividade económica da comarca.

Formoso Estructuras Metálicas, S.L. dedícase á fabricación, subministración e montaxe de grandes estruturas metálicas e bens de equipamento destinados a obras públicas, plantas de regasificación, plantas de ciclo combinado de gas, cimenteiras, etc.

A empresa ten como obxectivo fundamental da súa actividade ofrecer unha solución integral aos seus clientes cun sistema produtivo que suma o deseño, a fabricación e a montaxe da estrutura primaria, a estrutura secundaria e os elementos auxiliares específicos.

Nos últimos anos realizou importantes investimentos na súa planta das Pontes para reforzar a súa competitividade neste sector de actividade. As dificultades derivadas da situación económica xeral fan que precise financiamento de circulante para funcionar con normalidade.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve+, a liña de avais do Igape constitúe un instrumento fundamental para que as empresas galegas viables que atravesan dificultades poidan obter financiamento para cubriren as súas necesidades de circulante ou para refinanciaren a longo prazo os seus pasivos a curto. Durante o

pasado ano, a través do Igape, a Consellería de Economía e Industria compartiu riscos con 1.500 empresas mediante operacións para avalar financiamento de circulante.

A XUNTA DECLARA O PROXECTO LAT PARQUE EÓLICO SERRA DO ORIBIO – SUBESTACIÓN DE TRIACASTELA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL

- *A decisión do Consello obriga aos planeamentos de Samos e Triacastela, ambos en Lugo, a adaptarse ás determinacións do proxecto*
- *A liña permitirá inxectar no sistema eléctrico a enerxía producida polo parque, o que contribuirá a mellorar a subministración e avanzar no eido de desenvolvemento eólico*

O Consello da Xunta vén de aprobar hoxe a declaración do proxecto LAT 132 kV Parque Eólico Serra do Oribio-Subestación Triacastela como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal despois de contar cos pronunciamentos favorables, polo que os planeamentos dos concellos lucenses de Samos e Triacastela terán que adaptarse as determinacións contidas nel.

Este proxecto permitirá inxectar no sistema eléctrico a enerxía xerada polo parque eólico, e contribuirá á mellora da subministración e a avanzar no desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia, eido en que a nosa Comunidade Autónoma ocupa un dos primeiros lugares.

Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial de infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal en que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou se asenten sobre varios termos municipais.

Todo isto garantirá a axeitada inserción no territorio das infraestruturas, dotacións e instalacións que constitúen o seu obxecto, a súa conexión coas redes e servizos existentes, a súa adaptación ao contorno en que se atopen e a súa articulación coas determinacións do planeamento urbanístico e territorial vixente.

A XUNTA APOSTA POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN MAIS EFICAZ E AUSTERO COA CONCENTRACIÓN NUN ÚNICO CENTRO DIRECTIVOS AS OBRAS DE INFRAESTRUTURAS, QUE ESTARÁ CONSTITUÍDA ESTE ANO

- *O Consello de Goberno da Xunta foi informado da concentración da actual Dirección Xeral de Infraestruturas e dos seus Servizos de Infraestruturas dos departamentos territoriais*
- *Tamén asumirá a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia e suporá a eliminación da Sociedade Pública Autoestrada Alto de San Domingos-Ourense (Aceousa)*
- *O ente, que nacerá como unha axencia pública autonómica, permitirá un aforro dun millón de euros na lexislatura*

O Consello da Xunta foi informado na súa reunión de hoxe dos trámites que se están a dar para a concentración nun único centro directivo das obras de infraestrutura: a Axencia Galega de Infraestruturas (AGI), un ente público da Administración que asumirá as funcións da actual Dirección Xeral de Infraestruturas e dos seus servizos de infraestruturas dos departamentos territoriais. A Axencia quedará constituída este mesmo ano.

Esto supón unha aposta por un novo modelo de xestión en materia de infraestruturas máis flexible, máis eficaz e máis austero e suporá unha reestruturación orgánica da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas que permitirá un aforro dun millón de euros na lexislatura, en consonancia co principio de austeridade que rexe as actuacións do Goberno galego desde o comezo da lexislatura.

Coa Axencia Galega de Infraestruturas, que se constituirá como una axencia pública autonómica, propónse rematar coa actual situación organizativa composta pola Dirección Xeral de Infraestruturas e os servizos de infraestruturas dos departamentos territoriais, dependentes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e por dúas sociedades públicas que dependen da Consellería de Facenda: a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A (SPI), e a Sociedade Pública Autoestrada Alto de San Domingos-Ourense, S.A (Aceousa)

Esta estrutura, que se considera insuficientemente fundamentada, pasará a estar formada pola Axencia Galega de Infraestruturas que asumirá a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A. Ademais, a Sociedade Pública Autoestrada Alto de San Domingos-Ourense, S.A. quedará suprimida no momento da creación da AGI.

Optimizar recursos

As infraestruturas, especialmente as viarias, son un elemento fundamental para o desenvolvemento económico e social dun país xa que constitúen instrumentos que vertebran o seu territorio. Deste xeito, é fundamental que a organización con competencias na materia sexa clara e dispoña de mecanismos que permitan a súa realización no menor prazo posible e optimizando recursos, así como que a Administración Autonómica sexa capaz de dar resposta á exigencia de completar e modernizar a rede viaria da nosa comunidade. Coa Axencia Galega de Infraestruturas acadarase este dobre obxectivo, así como a eliminación da tricotomía existente actualmente coa Dirección Xeral de Infraestruturas (dependente da CMATI), SPI e Aceousa (ambos os dous dependentes da Consellería de Facenda).

Esta axencia pública autonómica acadará un modelo de xestión que persegue o cumprimento de obxectivos claros medibles e orientados á mellora na prestación de servizos, tendo coma resultado un mellor aproveitamento dos recursos públicos e, polo tanto, un maior grao de satisfacción dos cidadáns. Estes obxectivos virán definidos no contrato de xestión e o plan de acción plurianual que aprobe o Consello Reitor da Axencia. Ademais, a integración das administracións públicas supón unha actuación máis eficiente e eficaz.

Cronograma

A Axencia Galega de Infraestruturas está prevista na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Actualmente, estase a elaborar o decreto que desenvolve a súa posta en marcha. Este decreto será elevado ao Consello da Xunta a finais de ano para a creación da axencia, que será efectiva coa publicación no DOG dos seus estatutos, e pasará a exercer a tutela funcional da SPI. Tres meses despois (febreiro-marzo de 2012) terá lugar a celebración da sesión constitutiva do Consello Reitor da Axencia, que dará paso, tres meses máis adiante, á entrada en funcionamento da Axencia Galega de Infraestruturas (xuño 2012).

O PLAN MOVE PRETENDE ACTUAR NO 76% DA REDE AUTONÓMICA NA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA, CUN INVESTIMENTO DE CASE 300 MILLÓNS DE EUROS

- *En 2013, o 83% da lonxitude total das vías de alta capacidade e estruturantes planificadas na área metropolitana da Coruña estarán en servizo ou en execución*
- *Suporán un total de 36,39 quilómetros de novas infraestruturas viarias estratéxicas. O investimento total previsto nestas actuacións ascende a 275,6 millóns de euros*
- *A Xunta destina tamén 13,6 millóns de euros a actuacións en materia de seguridade viaria nun total de 75 quilómetros*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas prevé que para o final da lexislatura, é dicir, en 2013, estarán en servizo os dous eixos fundamentais da rede viaria coruñesa, a Terceira Rolda e a Vía Ártabra. Destas previsións deuse conta hoxe no Consello da Xunta onde se explicou o informe sobre a rede viaria da área metropolitana da Coruña e as previsións futuras.

O investimento planificado pola Xunta de Galicia dentro do Plan MOVE para vertebrar e articular as infraestruturas viarias na área metropolitana da Coruña ascende a 275,6 millóns de euros, que se destinan máis de 36 quilómetros de novas vías estruturantes, de altas prestacións e de ámbitos urbanos. En 2013, o 83% deses quilómetros estarán en servizo ou en execución, segundo se detalla no seguinte cadro:

GRAO DE CUMPRIMENTO DO PLAN MOVE 2013	km	% (/km)	investimento (€)	% (/investimento €)
En servizo	17,07	47%	117.980.099	43%
En execución (obras)	12,62	35%	52.714.103	19%
En redacción (estudos/proxectos)	6,70	18%	104.992.500	38%
Total	36,39	100%	275.686.702	100%

Ademais, sumando uns investimentos de 13,6 millóns de euros en obras de seguridade viaria nun total de 75 quilómetros de estradas da área metropolitana da Coruña, a Xunta de Galicia ten planificado actuar nun total de 110 quilómetros, o que supón o 76% da rede viaria actual de titularidade autonómica.

TIPO DE ACTUACIÓN	KM	INVESTIMENTO
Vías de altas prestacións, estruturantes e complementarias	36,39	275,68 millóns de euros
Actuacións seguridade viaria	74,6	13,6 millóns de euros
Total	109,79	289,28 millóns de euros

Plan MOVE

O propósito principal do Plan Move para a área metropolitana da Coruña é garantir a correcta funcionalidade do seu sistema viario a través dunha rede en malla que distribúa o tráfico. Os obxectivos concretos son completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte, mellorando tanto a accesibilidade como a seguridade viaria.

A configuración desta rede en malla inclúe novas vías radiais coa execución dos principais eixos de penetración ás penínsulas de Oleiros-Sada (Vía Ártabra) e A Coruña (3ª Rolda), que, conforman un sistema viario de acceso que mellora a accesibilidade actual á cidade da Coruña. Por outra parte propónse a execución de aneis de circunvalación arredor dos principais núcleos (O Burgo, Oleiros, Sada, Santa Cruz...), así como de acceso ás principais áreas industriais, residenciais e infraestruturas garantindo unha maior mobilidade en todo o contorno, facilitando a redución da conxestión, o acceso aos equipamentos de carácter supramunicipal e a mobilidade ás grandes áreas de actividade, áreas industriais e loxísticas.

Co desenvolvemento destas actuacións, búscase orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns, así como, mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

Outras actuacións que, xunto coa Terceira Rolda ou a Vía Ártabra experimentarán un avance importante ao longo da presente lexislatura son a nova vía Oleiros-Sada e acceso ao porto, a reordenación da rotonda de Sabón, a conexión San Pedro de Nós-AP-9, o novo acceso ao polígono de Sabón, a variante de Arteixo ou a conexión entre Alvedro e a AP-9, sempre que se conte coa autorización do Ministerio de Fomento.

Seguridade viaria

A Consellería de Medio Ambiente inclúe no Plan Move actuacións en materia de seguridade viaria nun total de 74,6 km de vías autonómicas, cun investimento de 13,6 millóns de euros. Trátase de traballos como reforzos de piso, acondicionamentos de interseccións, melloras en tramos de concentración de accidentes, construción de beirarrúas ou sendas peonís. Son optimizacións que teñen como propósito garantir unha condución cómoda e segura aos usuarios das estradas da rede viaria da área metropolitana da Coruña.

A XUNTA REFORZA O SEU COMPROMISO COA REDE VIARIA DA CORUÑA COA ADXUDICACIÓN DO ÚLTIMO TRAMO DA TERCEIRA ROLDA

- *A Consellería de Medio Ambiente está en disposición de iniciar as obras en marzo sempre que o Concello da Coruña entregue os terreos obxecto de expropiación*
- *O prazo de execución é de 21,5 meses, polo que se as obras comezan o vindeiro mes é posible que a actuación estea rematada a finais de 2012*
- *A adxudicataria foi a UTE ATESVI-COMSA, por un importe de 13.797.751 euros*
- *Este enlace conectará o treito que está a realizar a Xunta de Galicia coa parte da obra que está a construír o Ministerio de Fomento*
- *O proxecto beneficiará máis de 246.000 habitantes do Concello da Coruña*

A Xunta adxudicou as obras do enlace de Lonzas -enlace coa autovía AC-14 nas Lonzas (treito III)- á UTE ATESVI-COMSA por un importe de 13.797.751 euros, polo que a Administración galega está en disposición de iniciar en marzo os traballos do terceiro e último tramo urbano da terceira rolda da Coruña. Para isto, o Concello da Coruña, administración que executa as expropiacións, debe entregar os terreos afectados por esta obra.

O Consello da Xunta foi informado na súa reunión desta mañá desta adxudicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cuxo prazo de execución é de 21,5 meses, polo que se as obras comezan en marzo é posible que a actuación estea rematada a finais de 2012.

O remate en prazo do enlace das Lonzas só pode verse condicionado pola posta a disposición dos terreos por parte do Concello da Coruña e polo avance das obras do tramo da AC-14 Lonzas-Zapateira, de titularidade estatal, debido á existencia de estruturas dentro do tramo 3 que deben apoiarse nas vías executadas polo tramo do Ministerio de Fomento.

O enlace de Lonzas conectará o treito que está a realizar a Xunta de Galicia coa parte da obra que está a construír o Ministerio de Fomento, é dicir, a conexión coa Autovía do Noroeste e ramal ao aeroporto de Alvedro. O proxecto beneficiará máis de 246.000 habitantes do Concello da Coruña.

A construción do terceiro treito da terceira rolda da Coruña e o seu entroncamento coa autovía que está a construír o Estado suporá o remate do treito urbano desta infraestrutura, resolvendo os déficits viarios actuais e permitindo un desenvolvemento harmónico da cidade e a súa área de influencia. Con esta actuación mellóranse as comunicacións tanto de acceso como de conexión entre os distintos barrios e zonas

de actividade económica da área da Coruña, ao conectar a terceira rolda coa futura autovía AC-14 e co futuro acceso ao polígono de Vío.

O trazado

Para realizar as ditas conexións execútase un enlace en dous niveis que serven de conexión entre a AC-14 e a terceira rolda. O deseño foi realizado de xeito que se permita nun futuro a transformación nun enlace a tres niveis, que posibilite conectar o futuro polígono de Vío á terceira rolda.

O enlace que se vai construír terá unha lonxitude total de 2.520 metros, que se divide nun tronco principal de 70 metros, un ramal de 960 metros e un segundo ramal de 1.080 metros, aos que cales que engadir 400 metros correspondentes á Variante Martinete-As Rañas.

O tronco desta infraestrutura ten un largo de plataforma de 28 metros, xa que conta con dúas calzadas de 10,5 metros, encadrados con beiravías (exterior e interior) e mediana que suman 7 metros de largo. En canto aos ramais, o seu largo de plataforma é de 10,5 metros (unha beiravía exterior de 2,5 metros e unha interior dun metro e dous carrís de 3,5 metros).

O enlace terá dous viadutos: un no ramal saída da Terceira Rolda cara á AC-14, cunha lonxitude de 521,70 metros e 18 vans; e outro no ramal de entrada, cuxa lonxitude é de 540,80 con 19 vans. O proxecto tamén inclúe dous falsos túneles - entre os puntos quilométricos 20+018 a 20+054 e outro entre os pq 20+092 a 20+152, de 36 e 60 metros, respectivamente.

En canto ás unidades de obra, levarase a cabo unha escavación e estendedura de mestura bituminosa en quente. Ademais, realizaranse traballos de urbanización e reposición de servizos públicos, así como restauración paisaxística. Por último, colocarse drenaxe lonxitudinal e transversal, sinalización e balizamento.

O proxecto de construción deste enlace foi aprobado pola Dirección Xeral de Infraestruturas o pasado



27 de xullo de 2010, tras ser modificado co obxecto de minimizar o impacto sobre as vivendas existentes. As melloras introducidas para minimizar as afeccións aos veciños implican un sobrecusto de 2 millóns de euros.

Obrigas da Consellería e do Concello


Segundo o convenio asinado por ambas as administracións, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, comprométese a financiar, adxudicar e executar as obras, e entregarlhas ao Concello unha vez rematadas.

Pola súa parte, o Concello da Coruña comprométese á poñer á disposición da Consellería de Medio Ambiente os terreos antes da execución da obra, así como os correspondentes permisos e autorizacións municipais necesarias. Unha vez recibidas as obras por parte da administración, asumirá a explotación, mantemento e conservación delas e dos seus servizos.

Obras no tramo II

A Consellería de Medio Ambiente ten executado na actualidade un 40% das obras do tramo II, dende a estrada CP-3002 a Pocomaco. A día de hoxe xa se executaron os dous primeiros niveis de enlace entre a terceira rolda e a estrada AC-552, ademais das actuacións completas previstas na Avenida de Arteixo. Tamén se executou a vía que conecta a rotonda deste enlace co acceso ao centro comercial. Por outra banda, xa se executou o 50 % do movemento de terras do tronco.

Os traballos que se están executando na actualidade son os viadutos 2 e 3, ademais dos muros de contención e o movemento de terras do tronco da terceira rolda, xunto cos correspondentes dispositivos de drenaxe lonxitudinal. Á vista do ritmo que levan as obras, a Xunta está en disposición de rematar as obras a finais de 2011.



COMENZA A FASE II DO PLAN DIRECTOR DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA

- *Esta fase inclúe un novo servizo de urxencias, a remodelación integral dos servizos de diagnóstico por imaxe e o novo bloque cirúrxico, así como a actualización dos servizos xerais*
- *Esta ampliación converte o Hospital coruñés nunha infraestrutura moderna capaz de dar resposta ás necesidades asistenciais da área, con capacidade de adaptación a un contorno dinámico que pretende dar resposta aos futuros retos do hospital*

O Complexo Hospitalario Universitario A Coruña continua coas obras de remodelación e ampliación que se están acometendo nos distintos centros do Complexo e que supón a súa reforma integral. Na actualidade atópase a piques de comezar a fase II dun plan director encamiñado a conseguir a transformación do complexo de cara ao presente século.

O espazo que se vai ver afectado representa 22.850 m², e nel inclúese o novo servizo de urxencias, a remodelación integral dos servizos de diagnóstico por imaxe e o novo bloque cirúrxico, así como a actualización dos servizos xerais.

A primeira fase do plan director iniciouse en xaneiro de 2002 e finalizouse en xaneiro do 2006. Posteriormente púxose en marcha a fase 2.0 que rematou o pasado ano e que deixou totalmente baleiro o sector norte do hospital nos seus catro primeiros andares e sentou as bases para acometer un hospital perfectamente estruturado, coa área tecnolóxica (urxencias, raios, quirófanos, probas funcionais, perfectamente comunicadas) centradas nas plantas inferiores e as unidades de hospitalización ocupando as plantas superiores.

Distribución por espazos

O número de andares modificados e ampliados nesta fase II, son seis. Empezando pola planta soto, o servizo de Anatomía Patolóxica conseguirá unha superficie útil de 567 m².

Na planta baixa, a superficie de obra acada os 2.056 m², e consiste nos vestiarios, a cafetería de persoal e a nova unidade de esterilización.

Na planta primeira, integrada totalmente polo novo servizo de urxencias, a superficie construíble acada os 2.500 m². Esta superficie quintuplica a que actualmente ten o servizo de urxencias e nela inclúense as áreas de triaxe, de atención sanitaria, de observación e resultados, e a de diagnóstico por imaxe. Esta última contará ademais con dúas salas de radioloxía, un Tac e unha sala de ecografía.

A planta segunda albergará o servizo de radiodiagnóstico por imaxe e contará cunha superficie útil de 2.355 m². Este servizo terá un equipamento vangardista que inclúe 8 novas salas de radioloxía, unha nova sala de resonancia magnética con tecnoloxía tridimensional e 3 salas de ecografía.

O bloque cirúrxico, que estará situado na planta terceira, ocupará unha superficie de 2.629 m² distribuídos en 19 quirófanos. Se a estas engadimos as 7 salas de intervencións cirúrxicas do Hospital Teresa Herrera e as tamén 7 do Hospital Abente y Lago, o número total de quirófanos con que contará o Complexo Hospitalario Universitario A Coruña pasará a ser de 33.

Por último, a planta cuarta, que terá unha superficie útil de 1.962 m² albergará a oficina de coordinación de transplantes, os servizos de medicina preventiva, prevención de riscos laborais, hospitalización a domicilio, traballo social e atención ao paciente, así como o espazo e habitacións asignadas ao persoal de garda, ademais de espazos comúns para administrativos.

Aposta moderna e de futuro

Coa posta en marcha desta fase II o Complexo Hospitalario Universitario A Coruña será unha infraestrutura moderna capaz de dar resposta ás necesidades asistenciais da área sanitaria de A Coruña, con capacidade de adaptación a un entorno dinámico que pretende dar resposta aos futuros retos do hospital.

Con esta obra o hospital contará cos espazos necesarios para facilitar aos profesionais o desenvolvemento da súa actividade de xeito confortable, ademais de seguro e saudable, sen barreiras e amigable, para que os cuidados aos pacientes e usuarios se poidan realizar con criterios de intimidade, seguridade e accesibilidade.

O CONSELLO DA XUNTA INFORMA DE QUE MÁIS DE 9,3 MILLÓNS DE PERSOAS VISITARON GALICIA DURANTE O ANO SANTO

- *Os establecementos regrados de Galicia acolleron en 2010 un total de 4.274.840 viaxeiros. A cifra de excursionistas que visitaron Galicia durante o Ano Santo alcanzou os 5.084.165.*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe sobre a conxuntura turística de Galicia durante o Ano Santo. Neste balance conclúese que no ano 2010 visitaron Galicia un total de 9.359.005 persoas, cifra que engloba dous perfís concretos da demanda turística. Téñense en consideración, dunha parte, os viaxeiros aloxados en establecementos regrados e, doutra banda, os excursionistas, isto é, aquelas persoas procedentes das provincias limítrofes con Galicia –Asturias, León e Zamora-, así como os estranxeiros que visitan a nosa comunidade durante un só día, sen pernoitaren.

Deste xeito, a cifra de viaxeiros aloxados en establecementos regrados que pernoitaron en Galicia durante o Ano Santo 2010 ascendeu a 4.274.840 persoas. Considéranse establecementos regrados aquelas modalidades de aloxamento colectivo regradas por lei, é dicir, hoteis, pensións, apartamentos turísticos, acampamentos e casas de turismo rural. Preto do 89% deste total de viaxeiros pernoitaron en establecementos hoteleiros e o 11% restante fixérono nalgunha das tipoloxías extrahoteleiras. Doutra banda, os excursionistas cifranse nun total de 5.084.165 persoas.

As cifras anteriores resultan da estimación de diferentes fontes de información. En particular, e para cada un dos segmentos mencionados, utilizáronse os seguintes datos:

- Viaxeiros aloxados nos establecementos regrados: datos obtidos do INE a través de operacións estatísticas destinadas a medir a ocupación nos establecementos hoteleiros e extrahoteleiros.
- Excursionismo nacional: dato provisional estimado a partir da Enquisa de Excursionismo que actualmente desenvolve o IET Galicia.
- Excursionismo internacional: dato proporcionado por FRONTUR (Movemento Turístico en Fronteira), do Instituto de Estudos Turísticos de Turespaña.

Datos establecementos regrados (INE)

En total, durante o ano pasado rexistráronse en Galicia preto de 4,3 millóns de viaxeiros e 9,7 millóns de pernoitas nos diferentes establecementos de aloxamento regrado. O incremento do volume de viaxeiros aloxados en establecementos de oferta

regrada a respecto de 2009 é dun 11,4%. As pernoitas tamén aumentaron un 9% respecto ao pasado ano. A comparación respecto do último Xacobeo 2004 reflicte subas do 4,3% máis no caso dos viaxeiros e do 5,1% máis no das pernoitas.

Galicia consolídase así como a segunda comunidade máis dinámica e de maior crecemento da demanda turística regrada no conxunto do Estado. Esta conxuntura turística de Galicia mellora o comportamento global do sector a nivel nacional, situándose a nosa Comunidade en segundo lugar, por detrás de Madrid, en termos de crecemento interanual.

O crecemento xeneralizado da demanda turística no conxunto da oferta regrada é unha característica común ás diferentes tipoloxías de aloxamento que conforman este segmento do turismo na nosa comunidade. En particular, rexístrase un incremento importante do volume de viaxeiros tanto nos establecementos hoteleiros como extrahoteleiros, en porcentaxes que acadan o 13% nos hoteis e abeiran o 8-9% nas restantes tipoloxías- pensións, apartamentos turísticos, acampamentos e establecementos de turismo rural.